



Concello de Cangas



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS



Deputación
Pontevedra

25 XORNADAS MULLERES EN ACCIÓN



TAQUILLA

42 MITCFC

MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO
CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS

DO 22 DE XUÑO AO 6 DE XULLO DE 2025

www.mostrateatrocangas.gal

25 XORNADAS MULLERES EN ACCIÓN

PREMIO MULLERES EN ACCIÓN A MERCEDES PEÓN

DOMINGO, 22 XUÑO, 21:00 · AUDITORIO MUNICIPAL

Compositora, instrumentista e cantora de creatividade excepcional, Mercedes Peón, hai xa 25 anos, comezou realizar un formidable labor de investigación e divulgación que visibilizou ás pandeireteiras, mulleres esenciais no desenvolvemento da riqueza musical e cultural do país. Un labor que situou a estas mulleres no lugar que lles correspondía e do que nunca deberon faltar, a Historia.

AS FILLAS BRAVAS DE MOMÁN

MARTES, 24 XUÑO, 18:00 · SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO

Presentación libro por Patricia de Lorenzo

As Fillas Bravas é unha obra de Chévere interpretada por Patricia de Lorenzo, Mónica García e Arantza Villar. Estreouse no ano 2014 na MITCFC, no marco das Xornadas Mulleres en Acción. Despois de máis de dez anos en xira, Kalandraka Editora publica un libro co texto da súa primeira obra.

GALEGAS NA MÚSICA DE ISABEL BLANCO

MARTES, 24 XUÑO, 18:30 · SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO

Presentación libro por Isabel Blanco

GALEGAS NA MÚSICA é unha escolma de biografías de mulleres galegas dedicadas á música, dende a primeira xograresa ata as máis recoñecidas músicas contemporáneas. Un traballo reivindicativo do lugar das mulleres na historia e que, ao tempo, reivindica a música tradicional galega.

SOMOS PANDEIRETEIRAS

MARTES, 24 XUÑO, 19:00 · SALÓN PLENOS CONCELLO

Presentación libro e asociación por Mercedes Peón

Somos Pandeireteiras é unha Asociación sen ánimo de lucro de mulleres tocadoras galegas, constituída no ano 2023 co obxectivo de abrir un espazo permanente de articulación entre as mulleres pandeireteiras, producindo narrativas colectivas propias e transmitindo o seu xeito de operar a través da sororidade, garantindo o seu legado musical e oral en lingua galega, posicionandoa como lingua vehicular.

IGUALDADE LABORAL NAS ARTES ESCÉNICAS E AUDIOVISUAIS: EIVAS E AVANCES

MÉRCORES, 25 XUÑO, 17:30-20:00 · SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO

Encontro profesional

Participan: Arantza Villar e Laura Míguez (AAAG), Noelia Fernández Castro e Patricia de Lorenzo (EG), Luma Gómez (AGT) e unha representante da Academia Galega do Audiovisual. Modera: AMANTIA COELLO, psicóloga e investigadora social.

Porqué a vida laboral dunha actriz é máis curta que a dun actor? Porqué os personaxes femininos reproducen os roles estereotipados de nai, esposa, prostituta e sen entidade propia? Que podemos facer para que as artes escénicas e audiovisuais presenten a mulleres con vida propia e en consonancia co tempo actual?

ARTISTAS EN ACCIÓN

VENRES 27 XUÑO - DOMINGO 6 XULLO, 19:00 A 21:30 · CAPELA DO HOSPITAL

Exposición colectiva

Participan: Loreto Blanco Salgueiro, Andrea Costas Lago, María X Fernández, María Mazás Lata e Rosa Neutro.

Cinco artistas que expuxeron individualmente a súa obra no marco de Mulleres en Acción, xúntanse para celebrar con nosoutas este 25 aniversario nunha exposición colectiva na que exhibirán parte das súas últimas obras.

AS PANDEIRETEIRAS DE ADICAM

VENRES, 4 XULLO, 20:30 · ENTRADA DO AUDITORIO MUNICIPAL

Actuación das Pandereteiras de ADICAM

Van moitos anos xa desde que Mulleres en Acción estableceu con ADICAM un vínculo de colaboración no que, ano a ano, ofrecémoslles obradoiros específicos e entradas solidarias ás súas asociadas. Nesta 25 edición na que celebramos ás pandeireteiras e cantareiras galegas, queremos que o grupo de alumnas de pandeireta de ADICAM se unan á celebración coa súa pandeireta como protagonista.

LOLA, LOLITA, LOLAZA DE MABEL LOZANO

MARTES, 28 OUTUBRO, 20:00 · AUDITORIO MUNICIPAL

Cine fórum, proxección e encontro con Mabel Lozano

Mulleres en Acción quere incentivar a colaboración coa Asociación de Mulleres Diagnosticadas de Cancro de Mama (ADICAM), no Mes Internacional do Cancro de Mama, o chamado Outubro Rosa, cunha acción extra. Un cinefórum, coa exhibición da curta de animación LOLA, LOLITA, LOLAZA, realizado pola cineasta e documentalista, Mabel Lozano.